

# Finalista de narrativa

## ORTEGAL , UN PARAÍSO

No punto onde se une o mar Cantábrico e o Océano Atlántico existe un pequeño lugar chamado Cabo Ortegal, as súas vistas cara o mar e a vexetación déixanos namorados a todos os que o visitamos. Pero este namoramento non remata aquí, se nos deixamos levar polos seus encantos e percorremos os cantís da Garita da Herveira, contemplando perfectamente como penetra o mar nas covas que co paso do tempo el mesmo foi formando nas rochas, e desviamos a nosa vista de tan preciado tesouro cara un pequeño recuncho atopámonos cun extraordinario lugar no que os seus habitantes son persoas moi sociables; este lugar é coñecido co nome de San Andrés de Teixido. O seu silencio, a súa tranquilidade, a súa historia e o seu aire puro, recendendo o salitre do mar que os ventos do Ortegal fan mover ata este acolledor santuario, lévanhoa nunha nube a tempos pasados onde a vida era más tranquila, como se foramos os únicos seres da terra.

Dende a igrexa co seu retablo, ata a súa fonte pasando polas súas casas, a calzada e a senté dános unha visión de San Andrés como un pobo milagreiro onde todo o que lle pides ó santo se nos poida conceder. Todo é un paraíso no que os teus soños se poden facer realidade e o teu enfado se pode converter nunha verdadeira felicidade.

Maria Garrote Díaz

2ºB.A.C.H.

I.E.S. CABO ORTEGAL